

Avaliación do proceso negociador que levou á aprobación do Decreto de Réxime Extraordinario de Carreira Profesional dos Facultativos do SERGAS.

- O día 5/04/2005 asinouse o texto definitivo do Decreto sobre o Réxime Transitorio (RT) de Carreira Profesional (CP) dos facultativos do SERGAS. CIG-Saúde asinou o acordo, cousa que tamén fixeron todos os demais sindicatos presentes na Mesa Sectorial.
- Para a CIG, o acordo asinado é un bó acordo, que contribuirá a mellorar dun xeito importante as condicións laborais e profesionais dos facultativos do SERGAS. A totalidade das forzas sindicais, sociais e profesionais representativas dos facultativos coincidimos nesta avaliación positiva.
- Na Agrupación Médica de CIG-Saúde (AgM-CIG) temos claro que a clave do bo acordo conseguido foi o amplo movemento unitario posto en pe para conseguir unha carreira profesional digna para os facultativos do SERGAS. O noso sindicato ten contribuído, cremos que dun xeito notábel, a erguer ese amplo movemento unitario que permitiu acadar o bo acordo conseguido.
O noso sindicato apoiou, desde o seu inicio, o movemento assembleario das Coordinaoras de Facultativos dos Hospitais, que logo constituiron a Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais (CGFH). As coordinadoras, e as asembleas hospitalarias, xogaron un papel clave para que a negociación da CP tivera unha base real de apoio social nos hospitais.
Por outra banda, os médicos da CIG apoiamos decididamente o amplo movemento unitario creado a iniciativa da CGFH, que se formalizou no “Acordo Unitario por unha Carreira Profesional Digna dos Facultativos do SERGAS” (constituída polas Coordinadoras de Facultativos dos Hospitais, os sindicatos CIG, CCOO, CSIF, OMEGA e UGT, e polos colexios de médicos). Este amplo movemento unitario foi un elemento decisivo para conseguir o bo acordo acadado.
- A nota discordante neste contexto unitario foi a actitude de autobombo, sectaria, entreguista e desmovilizadora, que tivo a CESM durante todo o proceso negociador. Este sindicato que ten no autobombo un dos seus sinais de identidade,

pretendeu en todo momento, e o seguirá pretendendo unha vez finalizada a negociación, convencer aos profesionais de que calquera avance conseguido era debido as súas xestións e negociacións, cando a realidade foi que o seu papel na mesa negociadora foi ben modesto, e desde logo en ningún momento se discutíu na mesa ningún pretendido “preacordo” subscrito pola CESM e a Administración. O seu sectarismo amosouse claramente na súa negativa a integrarse no amplo movemento subscrito por todos os sectores profesionais (coordinadoras, sindicatos e colexios de médicos). Por último, o seu entreguismo e papel desmovilizador amosouse claramente no seu permanente intento de pretender que eles xa o solucionaran todo e que o que faltaba era mero trámite; esta actitude tendía a producir a desmovilización dos profesionais pois estes podían considerar que non facía falta facer ningún tipo de presión para conseguir unha boa CP. A realidade dos 7 documentos diferentes que chegou a preesentar o SERGAS e os cambios introducidos no borrador de Decreto pouco antes da súa sinatura real na mesa sectorial, cando a CESM levaba varios meses explicando “Las razones de nuestra firma”, demostran que o bo acordo asinado sobre o Réxime Transitorio de CP conseguíuse a pesar da CESM.

- As negociacións na Mesa Sectorial sobre o Rexime Definitivo comezarán de contado, segundo ten manifestado o SERGAS, quen asegura querer rematar as negociacións, e polo tanto aprobar o Réxime Definitivo de CP, antes de finalizar o ano 2005. Os médicos da CIG, consideramos que a experiencia da eficacia da unidade acadada durante a negociación do Rexime Transitorio, debe ser aproveitada e mantida para a negociación do Réxime Definitivo.

Santiago de Compostela, 05/04/2005.



Gregorio Espino, 47
36205 VIGO
Tfno. 986 262 679
Fax. 986 262 781

agm@agmedica.org
www.agmedica.org